



Acta núm. 37/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 22 de decembro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebal Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 22 de decembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 36/2020, DO 16.12.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) LICENZA DE VADO PERMANENTE.
- 8º) MODIFICACIÓN DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 36/2020, DO 16.12.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 16.12.2020, acta núm. 36/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GONZALO LÓPEZ MÉNDEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación na cuberta da vivenda sita na Rúa da Pomba 9, Os Ánxeles, substituíndo as tellas en mal estado por tellas novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 6647310NH2464N0001TD) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 89,23 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SALVADOR ARUFE RIVAS, na que comunica que vai construír un peche de 150 metros de lonxitude aproximadamente, con postes de formigón e arame, que linda con dous camiños, de 1,50 metros de altura medidos desde a rasante natural do terreo, no lugar da Rubial, Bastavales.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 15013A057008200000UY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche situarase mínimo a 5 m. do eixo dos viais, segundo o artigo 92.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e artigo 3.9.3 do PXOM.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 77,47 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA BEADE NÚÑEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras, de escasa entidade construtiva, no interior dunha edificación auxiliar de 30 m², anexa á vivenda de Guisande 9, Os Ánxeles:

.- Pavimentación de formigón.

.- Instalación dun aseo.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 6431305NH2463S0001UR) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Guisande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada, clave AE3 e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 124,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión en Cirro 25, San Salvador, derivando o condutor de tipo XZI 0,6/1Kv 4x (1x240 Al) que terá o seu inicio no PAS a realizar no apoio do UFD existente de tipo HV-160-11 ata a situación da CPM que instalará o cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 38 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Rubén Fervenza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 28/08/2020, visado nº 22001033.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7732504NH2473S0001M) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2) e sitúase dentro da zona de policía de leitos do rego do Cirro.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o 14.09.2020 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 711,66 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 82,33 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 146,90 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión no Outeiro 42, Os Ánxeles, desde o apoio existente HV-160-9 con RZ 3x95/54, AL e acometida en XZ1-2 (1x50) ata a situación da CPM situada no límite da propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 2 m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Rubén Fervenza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 25/08/2020, visado nº 22001004.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7942606NH2474S0001KW) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2) e atópase dentro da zona de policía de leitos do rego de Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o 14.09.2020 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 346,80 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,93 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Bernardo José Fraga Galdo, que di actuar en representación de SABELA OCA GONZÁLEZ e JUAN ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en Guisande 50, Os Ánxeles, segundo modificado de básico e proxecto de execución asinado pola arquitecta Susana Pérez Pereiras, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11.11.2020 e documentación complementaria visada o 14.12.2020.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 6530107NH2463S0000EE), está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao modificado de básico e proxecto de execución asinado pola arquitecta Susana Pérez Pereiras, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11.11.2020 e documentación complementaria visada o 14.12.2020.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello (83,54 m²) que implica a pavimentación de todo o fronte da parcela e a execución das conexións de abastecemento, saneamento, pluviais, con tubo de sección 40 cm., e alumado público, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 83,54 m² destinados a vias fora das alifacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 17 de decembro de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.434,12 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 291,77 euros.
- Total: 3.725,89 euros.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SUSANA NIMO IGLESIAS, MARÍA PILAR NIMO IGLESIAS e MARÍA MERCEDES NIMO IGLESIAS, na que solicitan licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Gontade, Os Ánxeles, segundo o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado número 570/20.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 5433601NH2453S0001EM.

Superficie: 2.648,00 m², segundo levantamento topográfico.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo o PXOM:

.- 61 m² situados en solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

.- 2.587 m² situados en solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela segregada.

Sur: regato que a separa de Manuel Sanmartín Noya (270) e zona excluída.

Leste: camiño construído polo Servizo de Nacional de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural.

Oeste: camiño construído polo Servizo de Nacional de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural.

Segregación pretendida:

Parcela 01-1 :

Superficie bruta: 1.765 m².

Superficie de cesión: 148 m²

Superficie neta: 1.617 m².

Lindes:

Norte: parcela segregada (hoxe parcela con referencia catastral 5433602NH2453S0001SM).

Sur: regato que a separa de Manuel Sanmartín Noya (270) e zona excluída (hoxe vial asfaltado) e parcela nº 01-2 procedente desta segregación.

Leste: parcela nº 01-2 procedente desta segregación.

Oeste: camiño construído polo Servizo de Nacional de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural da zona leste, en área non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Parcela 01-2: (resto da finca matriz)

Superficie bruta: 883 m².

Superficie de cesión: 44 m²

Superficie neta: 839,00 m².

Lindes:

Norte: parcela segregada (hoxe parcela con referencia catastral 5433602NH2453S0001SM) e parcela nº 01-1 procedente desta segregación.

Sur: zona excluída (hoxe vial asfaltado).

Leste: camiño construído polo Servizo de Nacional de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural.

Oeste: parcela nº 01-1 procedente desta segregación.

Clasificación urbanística:

.- 61 m² de parcela situados dentro de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

.- 822 m² de parcela situados dentro de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 148 m² e 44 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

SEXTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Carlos Matovelle Gómez, que di actuar en representación de ARGENTA CAPITAL S.L., na que solicita o cambio de titularidade da licenza para construír un edificio destinado á actividade de residencia xeriátrica (con 59 prazas para residencia de maiores e 12 prazas para vivenda comunitaria), no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, segundo proxecto de execución redactado polo estudio "HERNANDO EZQUERRA S.L.P", visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 30.07.2020., concedida pola Xunta de Goberno Local o 10.11.2020, a nome de RESIDENCIA SANTA MINIA S.L.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra para construír un edificio destinado á actividade de residencia xeriátrica (con 59 prazas para residencia de maiores e 12 prazas para vivenda comunitaria), no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, concedida pola Xunta de Goberno Local o 10.11.2020, a nome de RESIDENCIA SANTA MINIA S.L., pasando a ser titular da licenza de obra ARGENTA CAPITAL S.L., con CIF: B-70446331, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

SÉTIMO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JUAN LIÑARES VÁZQUEZ, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Avd. Santa Minia 71, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

OITAVO.- MODIFICACIÓN DE COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL LÓPEZ SANDE, na que solicita a modificación da comunicación previa autorizada pola Xunta de Goberno Local o 03/11/2020, para retirar unha edificación auxiliar de 18 m² e construír outra edificación auxiliar nova (alpendre) de 20 m², dunha única planta e escasa entidade construtiva, no mesmo sitio.

A modificación solicitada basease, tanto na situación da edificación, como nas condicións impostas pola Xunta de Goberno Local para a súa construción, posto que a ordenanza de aplicación permite a edificación adosada a medianeiras xa existentes.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:



1º) Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 03/11/2020, no seguinte sentido: Onde di: en Chave de Ponte 25, Bastavales. Debe dicir: en Chave de Carballo 25, Bastavales; e onde di que: A construción situarase dentro da parcela mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros, se retira esta condición, posto que a ordenanza de aplicación permite a edificación adosada a medianeiras xa existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González